



REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA FACULTADE DE CIENCIAS DO MAR DA UNIVERSIDADE DE VIGO

(aprobado na Xunta de Facultade de 20 de febreiro de 2017)

(Aprobado en Consello de Goberno o 19 de xuño de 2017)

TÍTULO I

DO OBXECTIVO, COMPOSICIÓN E FUNCÍONS DA FACULTADE

ARTIGO 1

A Facultade de Ciencias do Mar da Universidade de Vigo é un centro encargado da xestión administrativa e da organización universitaria conducente á obtención dos títulos de Graduado e Licenciado/a en Ciencias do Mar, ademais daquelas outras titulacións de Grado o Mestrado que se establezcan, así como da difusión da cultura e da ciencia no ámbito das Ciencias do Mar.

ARTIGO 2

De acordo con Artigo 13 dos Estatutos da Universidade de Vigo son funcións da Facultade de Ciencias do Mar de Vigo:

- a) A custodia das actas de cualificación e dos expedientes do alumnado.
- b) A expedición das certificacións solicitadas polos estudantes ao centro.
- c) A implantación e o seguimento dos plans de estudos.
- d) A organización da docencia e a súa coordinación, supervisión e control, así como a realización dos encargos de docencia, de conformidade cos plans de estudo e de acordo coa normativa da Universidade.
- e) A organización e a coordinación das ensinanzas que dean dereito a títulos propios adscritos ao centro.
- f) A organización das relacións entre departamentos e con outros centros, co fin de garantir a coordinación das ensinanzas e a racionalización da xestión académica e administrativa.

- g) A aplicación das directrices da Universidade de Vigo sobre a normalización lingüística.
- h) O fomento, apoio e achega de medios materiais existentes no centro para realizar actividades de formación e complementarias do persoal vinculado a el.
- i) A realización de actividades de colaboración da Universidade de Vigo con organismos públicos ou privados en todo o que afecte ao centro.
- j) A administración dos servizos e máis os equipamentos asignados ao centro.
- k) A xestión e administración da súa asignación orzamentaria.
- l) A realización da xestión administrativa necesaria para que as anteriores funcións se poidan efectuar.
- m) A participación nos procesos de avaliación da calidade e a promoción activa da mellora da calidade da súa oferta académica a través do SGIC (Sistema de Garantía Interno de Calidade) da Facultade.
- n) A proposición ao órgano competente da implantación de novas titulacións.
- o) Calquera outra que lle poidan atribuír os Estatutos da Universidade de Vigo e demais disposicións vixentes.

ARTIGO 3

Son membros da Facultade:

- a) Todo o persoal docente ou investigador que realice a súa actividade na Facultade.
- b) Tódolos alumnos matriculados na Facultade.
- c) Persoal de administración e servizos asignado á Facultade.

ARTIGO 4

1. A Facultade rexerase polo presente Regulamento para o cumprimento das funcións que ten atribuídas pola Lei Orgánica de Universidades, a Lei do Sistema Universitario de Galicia e os Estatutos da Universidade de Vigo. Este Regulamento debe ser interpretado no marco dos citados Estatutos e demais lexislación sobre ensino universitario.
2. Para todas aquelas cuestións non previstas neste Regulamento, nin nos Estatutos da Universidade de Vigo, nin na lexislación sobre ensino universitario, rexerase segundo o previsto na Lei de Réxime Xurídico do Sector Público (lei 40/2015 do 1 de outubro) e Lei de Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas (lei 39/2015 do 1 de outubro).

TÍTULO II

DOS ÓRGANOS DE GOBERNO DA FACULTADE

ARTIGO 5

Os órganos de Goberno e Administración da Facultade de Ciencias do Mar son os seguintes:

- a) Órganos Colexiados: Xunta de Facultade e Xuntas de Titulación.
- b) Órganos unipersonais: Decano (a), Vicedecano (a) ou Vicedecanos (as) e o Secretario (a).

CAPÍTULO I: ÓRGANOS COLEXIADOS

ARTIGO 6

1. A Xunta de Facultade é o órgano colexiado de representación e decisión da Facultade. Está composta polo Decano ou Decana, que a preside, e polo seguinte conxunto de membros adscritos, de acordo co artigo 42 dos Estatutos da Universidade de Vigo e da normativa para elección de representantes:

- a) O equipo decanal.
- b) Todo o profesorado con vinculación permanente á Universidade, que constituirá o 51% da Xunta de Facultade. O profesorado que imparta docencia en máis dun centro será membro da Xunta de Facultade no centro que imparta máis horas de docencia ou ben por optar a ela en caso de ter a mesma carga docente en varios centros .
- c) Unha representación do persoal docente e investigador sen vinculación permanente á Universidade, que corresponderá ao 9% da Xunta de Facultade. De eles, alomenos o 80% corresponderá ao persoal docente e investigador con dedicación a tempo completo.
- d) Unha representación do alumnado que constituirá o 30% da Xunta de Facultade.
- e) Unha representación do persoal da administración e servizos que constituirá o 10% da Xunta de Facultade.

2. Os membros electos da Xunta de Facultade serán renovados cada dous anos e a súa elección rexerese pola normativa vixente na Universidade de Vigo. No caso de vacante dun candidato electo, procederase a nomear o seguinte candidato máis votado na respectiva lista.

ARTIGO 7

1. De acordo con Artigo 43 dos Estatutos da Universidade de Vigo, son funcións da Xunta de Facultade de Ciencias do Mar:

- a) A elaboración, aprobación e modificación da proposta do seu regulamento de réxime interno.
- b) A elección e revogación do Decano ou Decana.
- c) A aprobación da proposta de distribución do orzamento anual do centro e da súa execución.
- d) A implantación e seguimento dos plans de estudos.
- e) O coidado do bo funcionamento de todos os órganos e servizos do centro.
- f) A resolución dos conflitos que se poidan producir no seo do centro.
- g) A promoción e ordenamento da realización de Traballos de Fin de Grado, Teses de Licenciatura e de ensinanzas e actividades complementarias esixidas para obter os títulos.
- h) A proposición e aplicación das normas de selección de estudantes e a valoración do seu rendemento e aproveitamento.
- i) A preparación e coordinación, de modo eficaz e adecuado do horario das distintas materias, cursos monográficos, cursos de especialización, probas parciais e finais, distribución de aulas e servizos e ensinanzas complementarias, así como a habilitación de medidas de control do cumprimento das obrigas docentes.
- j) A coordinación con outros centros para facilitar a elección por parte do alumnado das materias de libre configuración do seu currículo.
- k) A distribución dos espazos que lle sexan asignados.
- l) A realización do control de conformidade da docencia cos planos de estudo.
- m) Todas aquelas que lle atribúa a lexislación vixente, os Estatutos da Universidade de Vigo e o presente regulamento.

2. Son tamén funcións da Xunta de Facultade:

- a) A aprobación, se procede, da Memoria Anual sobre as actividades da Facultade presentada polo Decano ou Decana.
- b) A realización anual do encargo de docencia aos Departamentos.
- c) A aprobación anual dos programas e guías docentes de cada materia.
- d) A designación de tribunais de avaliación.
- e) A creación de tantas comisións como se estimen pertinentes e, no se seu caso, determinar os asuntos que poidan ser delegados nelas.
- f) A aprobación dos procesos de avaliación da calidade e de promoción activa da mellora da calidade da oferta académica.

ARTIGO 8

A Xunta de Facultade actuará en Pleno o en Comisión Delegada Permanente.

ARTIGO 9

O Pleno da Xunta de Facultade estará formada por todos os seus membros e reunirse cando sexa convocado polo Secretario (a) por orde do Decano (a).

ARTIGO 10

1. A convocatoria da Xunta de Facultade será de carácter Ordinario o Extraordinario. En forma ordinaria reunirse, alomenos, unha vez ao trimestre e con carácter Extraordinario a iniciativa de:
 - a) O Decano ou Decana.
 - b) Cando o soliciten, alomenos, un cuarto dos membros da Xunta de Facultade.
 - c) A petición da maioría dos membros da Comisión Permanente.
2. Nos casos 1.b e 1.c, a instancia para a convocatoria dunha reunión extraordinaria da Xunta de Facultade dirixirse por escrito ao Decano ou Decana e incluírá as firmas correspondentes e a proposta dunha orde do día determinada. O Decano (a) deberá convocala nun prazo non superior a 10 días hábiles contados dende a data de entrada da solicitude no Rexistro da Facultade.

ARTIGO 11

1. A convocatoria ordinaria da Xunta de Facultade farase, como mínimo, cunha antelación de 2 días da súa realización.

2. A convocatoria extraordinaria deberá notificarse, como mínimo cunha antelación de 1 días da súa realización.

A convocatoria poderá entregarse directamente ou empregar fórmulas como o correo ordinario, correo electrónico ou calquera outra que permita garantir a recepción da mesma a tódolos membros da Xunta de Facultade.

ARTIGO 12

1. A convocatoria deberá especificar a data, lugar e hora da 1ª e 2ª convocatoria e os puntos da orde do día da sesión e debe axustarse ao disposto nas Leis de Réxime Xurídico do Sector Público e na Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e do.
2. Nas convocatorias ordinarias deberán figurar como mínimo os seguintes puntos:
 - Lectura e aprobación da(s) acta(s) da(s) sesión(s) anterior(es).
 - Informe do Decano (a).
 - Asuntos de trámite.
 - Rogos e preguntas.
3. A orde do día será elaborada polo Decano ou Decana e, de ser o caso, incluírán os asuntos que sexan solicitados por escrito, ate 1 día antes da convocatoria, sempre que estean asinados por, alomenos, un 10% dos membros da Xunta ou pola maioría dos membros da Comisión Delegada Permanente.
4. Cando a convocatoria sexa extraordinaria a petición dos membros da Xunta ou da Comisión Permanente (artigo 10, apartados b e c) deberán figurar na orde do día os puntos fixados na petición.
5. A documentación relativa aos puntos da orde do día deberá estar depositada desde o momento da convocatoria na secretaría do decanato da Facultade de Ciencias do Mar e estará a disposición dos membros da Xunta.

ARTIGO 13

As sesións da Xunta de Facultade poderán desenvolverse nunha ou máis reunións, entendendo por sesión o período de tempo preciso para finalizar a orde do día. Denomínase reunión o período de mañá ou tarde no que teña lugar parte da sesión.

ARTIGO 14

1. A Xunta de Facultade constituirase válidamente en primeira convocatoria coa asistencia do Decano e o Secretario e a metade dos membros.
2. De non acadar esta asistencia, constituirase validamente en segunda convocatoria transcorridos 15 minutos, de contar coa presenza dunha quinta parte dos seus membros.
3. De non acadar o quórum necesario para a segunda convocatoria, transcorridos outros 15 minutos, farase unha nova convocatoria no mesmo día e deberase celebrar nos seguintes 5 días hábiles.

ARTIGO 15

O pleno da Xunta de Facultade será presidido polo Decano (a) ou na súa ausencia, polo Vicedecano (a) en quen delegue, asistido polo resto do Equipo Decanal, e será o responsable de ordenar e dirixir os debates.

ARTIGO 16

A asistencia ás sesións de Xunta de Facultade da Facultade de Ciencias do Mar é obrigatoria para os seus membros. Perderase a condición de membro por finalización legal do mandato, por pedimento propio e por perda das condicións necesarias para ser elixido.

ARTIGO 17

1. De acordo co Artigo 26 dos Estatutos da Universidade de Vigo, as sesións da Xunta de Facultade serán públicas. Os membros da comunidade universitaria que non pertencen ás xuntas poderán asistir a elas sen voz e sen voto, agás cando se lles autorice no uso da palabra, e ocuparán os asentos destinados para tal efecto.
2. De propoñelo a Xunta de Facultade poderán ser invitados as súas reunións, con voz pero sen voto, todos aqueles membros da comunidade universitaria que estean interesados en asuntos específicos e que poidan resultar afectados por eles.

ARTIGO 18

O réxime de votación para a toma de acordos na Xunta de Facultade agás no establecido noutros artigos deste regulamento, será o seguinte:

- a. Por asentimento a proposta do Decano (a), ou en votación pola maioría simple dos asistentes.
- b. No caso de existir máis de dúas propostas sen que ningunha delas acade a maioría simple, procederase a realizar unha segunda votación entre as dúas máis votadas.
- c. O voto faise efectivo persoalmente no momento da votación. Non se admite delegación de voto nin voto anticipado.
- d. Só poderán ser obxecto de deliberación e acordo aqueles asuntos que figuren na orde do día, salvo que, estando presentes todos os membros da Xunta, sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.
- e. As votacións efectuaranse polo sistema de man alzada, agás cando o decida a mesa ou o solicite algún membro da Xunta, que será entón, secreta e por papeleta.
- f. Unha vez iniciado o proceso de votación e ata que se emita o resultado definitivo do escrutinio non se poderá entrar nin saír da sala.
- g. Non se poderán tomar acordos validamente se no momento da votación non estivesen presentes, polo menos, a quinta parte dos membros da Xunta de Facultade.

ARTIGO 19

1. O Secretario (a) da Xunta de Facultade, que será o da Facultade, levantará acta de tódalas sesións, dará fe da actuación dos Organos de Goberno da Facultade de Ciencias do Mar e, coma tal, encoméndaselle a custodia dos Libros de Actas. No caso de que non puidera asistir a Xunta de Facultade, o Decano (a) designará quen faga ás súas veces.
2. Cando un membro da Xunta de Facultade desexe que se recolla textualmente algunha intervención, deberá comunicalo verbalmente ao Secretario (a), entregándolle por escrito o texto correspondente nun prazo de 2 días unha vez finalizada a mesma.

ARTIGO 20

1. As actas transcribíranse no Libro de Actas, que estará baixo a custodia do Secretario(a) e poderá ser consultado por calquera membro da Facultade. O Secretario(a) dará certificación literal do contido a calquera membro da Facultade que o solicite por escrito.
2. En cada acta figurarán inescusablemente as seguintes mencións:



- a. Membros da Xunta de Facultade asistentes á sesión, salientando as ausencias xustificadas.
 - b. Orde do día.
 - c. As circunstancias de lugar e tempo na que foi celebrada a Xunta.
 - d. Os puntos principais das deliberacións, así como o contido dos acordos adoptados.
3. Na acta figurará, sempre que o soliciten os respectivos membros do órgano, o voto contrario ao acordo adoptado, a abstención e os motivos que a xustifiquen, ou o sentido do seu voto favorable. Así mesmo, calquera dos integrantes poderá solicitar a transcripción íntegra da súa intervención sempre que aporte por escrito, no prazo que sinala a mesa, o texto que se corresponda fielmente coa súa intervención, que se fará constar na acta ou se unirá á mesma.
 4. Os membros que discrepen do acordo maioritario poderán formular voto particular por escrito, se así o indican no momento da votación, no prazo de 2 días, que será incorporado ao texto aprobado.
 5. A acta será asinada polo Secretario(a), ou que exercera as súas veces, co visto e prace do Decano(a) ou da persoa que exerza a presidencia efectiva da sesión que se reflecta.
 6. As actas aprobaranse na seguinte sesión da Xunta de Facultade. Non obstante, o Secretario(a) poderá certificar os acordos específicos que fosen adoptados, sen prexuízo da ulterior aprobación da acta.
 7. Nas certificacións dos acordos adoptados emitidas con anterioridade á aprobación da acta farase constar expresamente tal circunstancia.
 8. Só farán fe dos acordos e recomendacións da Xunta as certificacións expedidas, de orde do Decano(a), polo Secretario(a) da Facultade.
 9. As certificacións poderanse expedir:
 - a. De oficio, por requirimento dos órganos das Administracións Públicas incluída a propia Universidade de Vigo ou por órganos xudiciais no exercicio da súa competencia.
 - b. A instancia de quen acredite un interés lexítimo.

CAPÍTULO II: ÓRGANOS UNIPERSOAIS

ARTIGO 21

Son órganos Unipersonais de Goberno da Facultade de Ciencias do Mar de Vigo:

- a. Decano ou Decana.
- b. Vicedecano (s) ou Vicedecana (s).
- c. Secretario ou Secretaria.

SECCIÓN I: O DECANO OU DECANA

ARTIGO 22

1. O Decano ou Decana representa a Facultade, exerce a súa dirección, preside e coordina a actuación dos seus órganos colexiados e executa os acordos destes.
2. O Decano ou Decana é elixido pola Xunta de Facultade, entre o profesorado con vinculación permanente á Universidade adscrito ao centro. É nomeado polo reitor/a, por un período de tres anos e podendo presentarse a unha soa reelección consecutiva.
3. O Decano ou Decana cesará nas súas funcións ao remate do seu mandato, a pedimento propio ou como consecuencia dunha moción de censura aprobada pola Xunta de Facultade segundo o procedemento previsto neste Regulamento.

ARTIGO 23

De acordo co Artigo 65 dos Estatutos da Universidade de Vigo, o Decano ou Decana da Facultade, asistido (a) polo seu equipo de goberno, é o responsable da dirección e xestión do centro, e ten as seguintes funcións:

- a. O exercicio da representación da Facultade.
- b. A convocatoria e presidencia da Xunta de Facultade.
- c. A execución dos acordos da Xunta de Facultade.
- d. A supervisión do funcionamento dos servizos da Facultade.
- e. A dirección da xestión ordinaria da Facultade.

- f. A proposición, despoir de oír a Xunta da Facultade, de apertura de informe previo por parte do Reitor, a calquera membro do centro.
- g. Ter conta do cumprimento dos horarios docentes e de titorías.
- h. Todas as que lle atribúan a lexislación vixente e os Estatutos da Universidade de Vigo.
- i. Tamén son funcións do Decano (a) o establecemento, desenrolo, revisión e mellora do Sistema de Garantía Interna de Calidade.

ARTIGO 24

Anualmente, o Decano ou Decana presentará unha memoria das actividades da Facultade, que será sometida á consideración da Xunta de Facultade.

SECCIÓN II: O VICEDECANO (S) OU VICEDECANA (S)

ARTIGO 25

1. De acordo co artigo 66 dos Estatutos da Universidade de Vigo, o Decano (a) designará, de entre todos os membros da Facultade, os Vicedecanos ou Vicedecanas que serán nomeados polo Reitor ou Reitora.
2. Os Vicedecanos/as actuarán coas competencias e funcións que lles delegue o Decano (a), así como todas as que lles atribúa o Regulamento de Réxime Interno da Facultade.
3. En caso de vacante, ausencia ou enfermidade, o Decano (a) será substituído polo Vicedecano(a) en quen delegue e no seu defecto polo membro do órgano Colexiado de maior xerarquía, antigüidade e idade, por esta orde, de entre os seus compoñentes.

SECCIÓN III: O SECRETARIO (A)

ARTIGO 26

1. De acordo con Artigo 67 dos Estatutos da Universidade de Vigo, o Secretario ou Secretaria da Facultade será designado polo Decano ou Decana entre o persoal do centro, e será nomeado polo Reitor ou Reitora.

2. Correspóndelle o Secretario (a) dar fe dos acordos adoptados polos órganos de Goberno e como tal ten encomendada a custodia dos libros de actas destes e todas aquelas funcións que lle sexan asignadas polo Decano (a).
3. Así mesmo, asumirá a recepción, a compilación, o depósito, a custodia e a certificación das actas de cualificación de materias.
4. O secretario ou Secretaria cesará no seu cargo a petición propia ou por decisión do Reitor (a) a proposta do Decano (a).

SECCIÓN IV: ELECCIÓN DO DECANO OU DECANA

ARTIGO 27

A elección de Decano ou Decana farase de conformidade co disposto nos artigos 49, 50, 51, 52, 54, 55 e 64 dos Estatutos da Universidade de Vigo, e a Normativa da Universidade de Vigo para á Elección de Decanos e Directores de Centro.

ARTIGO 28

Concluído o mandato electoral do Decano ou Decana, producido o seu cesamento a pedimento propio, por perda das condicións necesarias para ser elixido, ou por aprobación dunha moción de censura, abrírase o proceso electoral correspondente, para o cal o Reitor:

- a. Confirmará ao Decano ou Decana, en funcións, ate que se produza o nomeamento do que resulte elixido.
- b. Autorizará ao Decano ou Decana en funcións para que convoque eleccións cunha antelación mínima de 15 días á data de celebración da votación, convocatoria que será publicada nos taboleiros electorais da Facultade.

ARTIGO 29

As persoas elixibles como Decano ou Decana obterán a condición de candidatos presentando no Rexistro da Facultade a correspondente solicitude na que, ademais dos seus datos persoais, indicarán as persoas que ocuparán os cargos de Vicedecano (a) ou Vicedecanos (as) e de Secretario (a).

ARTIGO 30

O número de membros do equipo de Goberno establecerase en función do especificado na normativa da Universidade de Vigo para a elección de Decanos e Directores de Centro.

ARTIGO 31

Na Facultade haberá unha Xunta Electoral que fará a proclamación de candidatos e resolverá tódalas cuestións que se deriven do proceso electoral. A sede da Xunta electoral será a da Facultade.

ARTIGO 32

A Xunta Electoral da Facultade estará integrada por:

- a. O Decano ou Decana, que a preside.
- b. O Secretario ou Secretaria do Centro.
- c. Un membro do PDI, do PAS e un estudante designado por sorteo público, así como os seus suplentes.

ARTIGO 33

No caso de que o Decano ou Decana en funcións sexa candidato (a) cesará na súa condición de presidente da Xunta Electoral e será substituído polo profesor máis antigo segundo prelación de corpos.

ARTIGO 34

A convocatoria de eleccións será feita pública no Taboleiro Electoral da Facultade, previa autorización, polo Decano ou Decana en funcións e conterá:

- a. Constitución da Xunta Electoral.
- b. Exposición de censos provisionais.
- c. Prazo de reclamación aos censos provisionais.
- d. Exposición de censos definitivos.
- e. Prazo de presentación de candidaturas.
- f. Data de proclamación provisional de candidatos.
- g. Prazo de presentación de reclamacións.
- h. Data de proclamación definitiva de candidatos.

- i. Data de votación.

ARTIGO 35

1. As solicitudes dos candidatos dirixiranse ao presidente da Xunta Electoral e deberán presentarse no prazo que figure na convocatoria, nunca inferior a tres días hábiles.
2. No día seguinte a finalización do prazo, ao que se refire o apartado anterior, a Xunta Electoral publicará a lista provisional de candidatos contra a que se poderán presentar reclamacións no prazo de dous días hábiles, que serán resoltas no día hábil seguinte, coa publicación da relación definitiva de candidatos.

ARTIGO 36

O decano/a en funcións convocará unha sesión extraordinaria do pleno da Xunta de Facultade que terá como único punto da orde do día a elección do decano/a. A Xunta de Facultade reunirse en sesión extraordinaria na data sinalada na convocatoria, sendo presidida polo Decano ou Decana en funcións, quen outorgará aos candidatos un tempo de quince minutos para expoñer o seu programa, e de seguido, noutros quince minutos respondan as preguntas que os membros da Xunta de Facultade lles formulen.

No caso de que o Decano (a) sexa candidato, a Xunta de Facultade será presidida polo profesor máis antigo segundo prelación de corpos.

Concluídos os debates, procederá á votación, que será nominal e secreta, por todos os membros da Xunta de Facultade.

ARTIGO 37

Rematada a votación, procederá ao escrutinio, no mesmo acto, e será proclamado decano/a quen obtivese a maioría absoluta. De non producirse esta, ao haber máis de dous candidatos, procederá a unha segunda votación entre os dous máis votados, resultará elixido o candidato (a) que obteña maior número de votos. Se hai un único candidato (a), precisaríase acadar maior número de votos a favor que en contra.

O Secretario ou Secretaria da Facultade levantará a correspondente acta, na cal se recollerán todas as incidencias e o resultado do escrutinio.

O decano/a en funcións elevará de contado a proposta ao Reitor/a para que se proceda ao correspondente nomeamento.

O decano/a será elixido por un período de tres anos e poderase presentar a unha soa reelección consecutiva.

SECCIÓN V: REVOCACIÓN DO DECANO OU DECANA

ARTIGO 38

1. O decano/a poderá ser revogado mediante moción de censura.
2. A moción de censura, para poder ser tramitada, deberá ir asinada por un terzo dos membros da Xunta de Facultade e incluír o nome de quen se propoña como novo decano/a xunto co seu equipo.
3. Se a moción de censura reunise os requisitos anteriores, o decano/a ou quen faga as súas veces, deberá comunicalo a todos os membros da Xunta de Facultade nun prazo máximo de 2 días hábiles. Así mesmo, terá que convocar unha Xunta de Facultade extraordinaria con este único punto na orde do día nun prazo máximo de quince días hábiles posteriores á recepción da moción no Rexistro da Facultade. Nos 5 primeiros días deste prazo poderanse presentar outras mocións.

ARTIGO 39

Na sesión do pleno dedicada á moción de censura, tanto o candidato como o decano/a disporán dun tempo máximo de quince minutos para expoñer as súas posicións e liñas xerais de actuación. Deseguido, abrirase unha quenda de preguntas por parte dos membros da Xunta de Facultade, e responderán durante un prazo máximo de quince minutos as preguntas que os membros da Xunta de Facultade lles formulen. Rematada a quenda de preguntas e intervencións, procederase á votación, que será nominal e secreta.

ARTIGO 40

1. Se a moción de censura obtivese o voto favorable da maioría absoluta dos membros da Xunta de Facultade, será proclamado decano/a electo o que figuraba proposto na moción de censura. O antigo decano/a actuará a partir dese momento como decano/a en funcións e procederá a elevar de contado a proposta de nomeamento de novo decano/a ao reitor/a da Universidade.
2. Se a moción de censura non acadase os votos necesarios, considerarase refugada e os asinantes desta non poderán presentar outra ata transcorrido un ano desde a data da presentación da anterior.

SECCIÓN VI. DOS MEMBROS ELECTOS Á XUNTA DE FACULTADE

ARTIGO 41

Poderán ser candidatos/as a membros electos da Xunta de Facultade todo o alumnado, todo o persoal docente e investigador non funcionario e todo o PAS pertencente á facultade.

ARTIGO 42

1. A normativa das eleccións será determinada polos correspondentes órganos colexiados.
2. Na elección de representantes de persoal docente e investigador non funcionario, alumnado e PAS só poderán votar ata un máximo do 70% dos seus representantes.
3. Os representantes do persoal docente e investigador non funcionario, alumnado e PAS serán os candidatos máis votados ata alcanzar a porcentaxe determinada na composición do órgano colexiado.
4. No caso de empate será nomeado representante do sector correspondente o candidato máis vello.

TÍTULO III: DAS COMISIÓNS DELEGADAS

CAPÍTULO I: NORMAS XERAIS

ARTIGO 43

1. De acordo co Artigo 77 dos Estatutos da Universidade de Vigo a Xunta de Facultad poderá crear Comisións Delegadas, co propósito de realizar tarefas de estudo e asesoramento e de propoñer solucións a temas ou problemas concretos obxecto de consideración polo órgano colexiado. Así mesmo, poderanse crear outras comisións para realizar tarefas similares ás anteriores con relación a temas específicos non vinculados directamente ás competencias do órgano colexiado. No acordo de creación deberán especificar polo menos a finalidade e a composición da comisión.
2. As comisións delegadas poden ser estables ou conxunturais. As comisións estables responden a cometidos fixos; as conxunturais constitúense para resolver asuntos concretos e deixan de existir ao rematar estes.
3. Na creación das comisións conxunturais deberá especificarse a súa finalidade, composición e normas de funcionamento.

ARTIGO 44

1. As comisións serán presididas polo decano/a ou persoa en quen delegue, quen dirixirá e moderará os debates.
2. Os membros das comisións teñen que selo da Xunta de Facultade. Perderase a condición de membro dunha comisión pola non asistencia sen causa xustificada a tres sesións seguidas ou cinco alternas. Perderase ademais a condición de membro cando se produza a elección dun novo Decano ou Decana, por pedimento propio e por perda das condicións necesarias para ser elixido/a.
3. O presidente/a das comisións pode convidar a participar nelas, con voz pero sen voto, a outros membros da facultade.
4. As reunións das comisións terán que celebrarse nos locais da Facultade en días hábiles. Serán convocadas por escrito cunha antelación mínima de 2 días, as de carácter ordinario, e de 1 día, as de carácter extraordinario. No caso de urxencia, apreciada pola presidencia, poderán convocarse de forma verbal.
5. As convocatorias ao alumnado realizadas en días non lectivos deberán ser enviadas ao domicilio particular, ou empregar outras fórmulas que permitan garantir a recepción das mesmas.

ARTIGO 45

1. A asistencia ás sesións das comisións é obrigatoria para os seus membros.
2. No caso de vacante nunha comisión, procederase á elección dun novo membro dentro do sector correspondente no prazo máis breve posible.

ARTIGO 46

1. As Comisións Estables Delegadas da Facultade de Ciencias do Mar de Vigo son as seguintes:
 - a. Comisión Permanente.
 - b. Comisión de Docencia e Validacións.
 - c. Comisión de Garantía de Calidade.
 - d. Comisión de Traballo Fin de Grao.
 - e. Comisión de Mobilidade.

ARTIGO 47

1. As comisións estables constitúense validamente en primeira convocatoria coa maioría absoluta dos seus membros e, en segunda convocatoria, cando concorren os dous terzos dos seus membros presentes que non xustifiquen a súa ausencia; en calquera caso, o quórum nunca será inferior a un terzo do total e presentarán os seus

informes, propostas e recomendacións por maioría simple. Será preciso que no momento da votación exista o quórum sinalado.

2. Para efectos de quórum non se incluírán no cómputo os membros que xustificuen a súa ausencia.
3. As comisións estables renovaranse cada curso académico. Elixirán entre os seus membros un Secretario ou Secretaria, que levantará unha acta sucinta, na que se recollerán os acordos adoptados, as opinións contrarias e o resultado das votacións.
4. Nas actas deberán figurar a relación dos membros asistentes ás reunións das comisións estables.

ARTIGO 48

Unha vez escoitada a proposta do decano/a, se a houbese, a elección para ocupar os postos das comisións estables realizarase polos membros de cada sector no seo da Xunta de Facultade. Cada elector só poderá votar, como máximo, a un número de candidatos igual ao 70% do número de representantes do seu sector na comisión.

CAPÍTULO II: DA COMISIÓN PERMANENTE

ARTIGO 49

A comisión permanente da Xunta de Facultade estará composta por:

- a. O decano ou Decana, ou persoa en quen delegue.
- b. Os (as) Vicedecanos (as)
- c. O secretario ou Secretaria da facultade, que o será de Comisión permanente.
- d. 3 membros elixidos en representación do persoal docente e investigador funcionario.
- e. 1 membro elixido en representación do persoal docente e investigador non funcionario.
- f. 2 membros elixidos entre os alumnos. Caso de existir representación, un será de máster ou doctorado, se non, cubrirase con alumnado de primeiro e segundo ciclo.
- g. 1 membro elixido en representación do persoal de administración e servizos.

ARTIGO 50

A comisión permanente renovarase no caso de elección dun novo decano/a.

ARTIGO 51

1. Son competencias da comisión permanente:

- a. O estudo, asesoramento e proposta de solucións en todos aqueles asuntos que o decano/a ou a Xunta de Facultade someta á súa consideración.
- b. A decisión sobre os asuntos de trámite ou aqueles outros que a Xunta de Facultade delegue nela, de acordo co Artigo 79 dos Estatutos da Universidade de Vigo. Cando algún membro da Comisión considere que un asunto non é de trámite, este deberá ser obrigatoriamente tratado na Xunta de Facultade .

2. As resolucións da Comisión Permanente adoptadas por delegación expresarán esta circunstancia e consideráanse dictadas pola Xunta de Facultade.

ARTIGO 52

No informe do decano/a incluíranse os acordos tomados pola Comisión Permanente nas súas reunións entre dúas Xuntas de Facultade

ARTIGO 53

A comisión permanente pódese reunir con carácter ordinario ou extraordinario, cando o considere oportuno o Decano (a), ou cando o soliciten un mínimo a cuarta parte dos seus membros.

ARTIGO 54

A convocatoria e orde do día da comisión permanente rexeranse polo establecido no apartado 4 do artigo 44 deste regulamento.

ARTIGO 55

Os acordos da comisión permanente adoptaranse por asentimento coa proposta do Decano/a ou en votación por maioría simple dos presentes.

Non poderán adoptarse acordos válidamente se no momento da votación non estivesen presentes, cando menos, un terzo dos membros da comisión.

As votacións realizaranse segundo o procedemento establecido polo artigo 18 apartado e deste regulamento.

ARTIGO 56

Na convocatoria da comisión permanente deberán figurar os puntos da orde do día, que incluírán: o informe, a aprobación da acta anterior e o apartado de rogos e preguntas. Calquera membro da comisión permanente poderá presentar diante desta mocións de palabra ou por escrito, que serán debatidas como rogos e preguntas, sempre que non se refiran a puntos da orde do día. As mocións por escrito serán leídas polo secretario/a, mesmo en ausencia da persoa que presentou a proposición, sempre que este xustifique debidamente a súa ausencia.

CAPÍTULO III: COMISIÓN DE DOCENCIA E VALIDACIÓNS

ARTIGO 57

A comisión de docencia e validacións estará composta por:

- a. Decano/a ou persoa en quen delegue.
- b. Vicedecano/a ou Vicedecanos/as e o Secretario/a da Facultade, que o será da Comisión de Docencia e Validacións.
- c. 3 membros elixidos en representación do persoal docente e investigador funcionario.
- d. 2 membros elixidos entre os alumnos.
- e. 1 membro elixido en representación do persoal de Administración e Servizos.

ARTIGO 58

Son funcións da Comisión de Docencia e Validacións as que a continuación se indican:

- a. Velar que os horarios e contidos teóricos e prácticos das diferentes materias impartidas na titulación se axusten ao disposto nos Planos de Estudo vixentes, en colaboración cos coordinadores de curso.
- b. A resolución de conflitos en todo o relativo á docencia.
- c. A elaboración dos criterios para resolver as validacións.
- d. A resolución das validacións.
- e. A realización do seguimento do plano de estudos correspondente e a realización de propostas concretas sobre modificacións deste.
- f. A coordinación dos programas das materias.
- g. O coidado do exercicio do dereito do alumnado á revisión de exames antes de que as cualificacións sexan definitivas, tal e como recolle o artigo 101 dos Estatutos da Universidade de Vigo.

- h. Aquelas outras relacionadas coa docencia que lle sexan asignadas puntualmente pola Xunta de Facultade

CAPÍTULO IV: COMISIÓN DE GARANTÍA DE CALIDADE

ARTIGO 59

A Comisión de Garantía de Calidade estará composta por:

- a. Director/a o decano/a do centro, que a preside..
- b. Coordinador/a de calidad.
- c. Coordinador/a o persona en quen delegue de cada unha das titulacións de grao do centro.
- d. Coordinador/a ou persona en quen delegue de cada unha das titulacións de máster.
- e. Enlace de Igualdade.
- f. Unha persoa representante do profesorado
- g. Unha persoa representante do estudiantado
- h. Un representante dos estudantes egresados.
- i. Un representante da Sociedade (empregadores/as, Institucións e outros grupos de interese.
- j. Administrador/a do centro o persona en quen delegue

ARTIGO 60

A Comisión de Garantía de Calidade da Facultade de Ciencias do Mar é o órgano que participa nas tarefas de planificación e seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC), actuando ademais como un dos vehículos de comunicación interna da política, obxectivos, plans, programas, responsabilidades e logros deste sistema. Rexirase polo Manual de Calidade da Facultade de Ciencias do Mar. As súas principais funcións son as seguintes:

- a. Examinar a planificación do SGIC da Facultade de Ciencias do Mar, de xeito que se asegure o cumprimento dos requerimentos xerais do Manual do SGIC, de Política e os Obxectivos de Calidade, así como dos requerimentos contemplados nas normativas de verificación e certificación correspondentes.



- b. Ser informada polo Decano (a) respecto da Política e os Obxectivos de Calidade da Facultade e designar a persoa responsable da súa difusión.
- c. Recibir, e no seu caso, coordinar a formulación dos obxectivos anuais da Facultade e realizar o seguimento da súa execución.
- d. Facer o seguimento da eficacia dos procedementos a través dos indicadores asociados aos mesmos.
- e. Recibir a información do Coordinador (a) de Calidade sobre os proxectos de modificación dos diagramas de fluxo, e posicionarse ante os mesmos.
- f. Controlar a execución de: as accións correctivas e/ou preventivas, as actuacións derivadas da revisión do sistema; as accións de resposta ás suxestións, queixas, reclamacións e parabéns e, en xeral, calquera proxecto ou proceso que non teña asignado especificamente un responsable para o seu seguimento.
- g. Estudar e, no seu caso, aprobar a implantación das propostas de mellora do SGIC suxeridas polos restantes membros da Facultade.
- h. Ser informada polo Coordinador de Calidade dos resultados das enquisas de satisfacción e propor criterios para a consideración das propostas de mellora que poidan derivarse deses resultados.
- i. A Comisión de Garantía de Calidade, ben por propia iniciativa, ou por mandato do equipo decanal, propondrá a creación de grupos ou equipos de mellora, para atender a resolución dos puntos débiles detectados tras os procesos de avaliación e como consecuencia de suxestións, queixas ou reclamacións plantexadas dende algún dos grupos de interese.

CAPÍTULO V: COMISIÓN DE TRABAJO DE FIN DE GRAO

ARTIGO 61

A Comisión de Trabajo fin de Grao estará composta por:

- a. 2 representantes do Equipo Decanal.
- b. 4 representantes do PDI.
- c. 2 representantes de alumnos.

A Comisión contará con un Coordinador e un Secretario que serán elexidos polos membros integrantes da Comisión.

ARTIGO 62

Son funcións da Comisión de Traballo Fin de Grao (TFG) as seguintes:

- a. Elaborar a Guía Docente da materia TFG.
- b. Establecer o calendario de actividades para o desenvolvemento dos TFG.
- c. Elaborar a oferta de temas que a titulación pon a disposición dos estudantes matriculados, xunto cos seus correspondentes titores, e velar para que os traballos propostos se adecúen aos contidos da Memoria Verifica.
- d. A asignación de titores e temas de traballo aos alumnos matriculados, garantindo a equidade na tramitación das solicitudes.
- e. Supervisar o desenvolvemento dos TFG ao longo do curso.
- f. Solicitar aos titores a entrega dun informe final sobre o traballo tutelado.
- g. Solicitar aos estudantes, nos prazos establecidos, a entrega da Memoria do TFG.
- h. Garantir a homoxeneidade nas esixencias de elaboración da memoria do TFG.
- i. Propoñer os Tribunais de Avaliación do TFG e a distribución das memorias que se presenten para ser avaliadas.
- j. Establecer a estrutura e duración máxima do proceso de defensa do TFG, así como as datas, hora e ubicación das probas.
- k. Velar pola aplicación da Normativa da Facultade de Ciencias do Mar relativa ao TFG e do regulamento xeral establecido para este fin pola Universidade de Vigo.
- l. Calquera outra función relacionada coa xestión dos TFG.

CAPÍTULO VI: DA COMISIÓN DE MOBILIDADE

ARTIGO 63

A comisión de mobilidade estará composta por:

- a. Dous representantes del Equipo Decanal, sendo un deles o Vicedecano (a) de Relacións Internacionais do Centro.
- b. 3 membros elixidos en representación do persoal docente e investigador funcionario.
- c. 2 membros elixidos entre os alumnos.
- d. 1 membro elixido en representación do persoal de Administración e Servizos.

ARTIGO 64

Son funcións da Comisión de Mobilidade as que a continuación se indican:

- a. Promover e actualizar a normativa de Mobilidade do Centro.
- b. Velar pola aplicación da Normativa de Mobilidade da Facultade de Ciencias do Mar e do regulamento xeral establecido para este fin pola Universidade de Vigo.
- c. Evaluación e selección de solicitudes de Mobilidade.
- d. Promover a difusión dos programas de Mobilidade.
- e. Calquera outra función relacionada coa xestión da Mobilidade do alumnado.

TÍTULO IV: *DAS XUNTAS DA TITULACIÓN*

ARTIGO 65

As Xuntas da Titulación, previstas no artigo 44 dos Estatutos da Universidade de Vigo, crearánse no momento que se lle asigne algunha nova titulación de Grao a este Centro.

TÍTULO V: *A REFORMA DO REGULAMENTO*

ARTIGO 66

Poderán propoñer a reforma do presente regulamento:

- a. O Decano ou Decana.
- b. Un cuarto, polo menos, dos membros da Xunta de Facultade.
- c. A comisión permanente.

ARTIGO 67

As propostas de reforma do regulamento deberán conter o texto articulado e estar debidamente motivada. Recibida a proposta, será sometida a votación para a súa toma en consideración na Xunta de Facultade. Se a proposta recibe unha votación maioritariamente favorable, abrirase un prazo de quince días para a presentación de emendas e a súa análise nunha comisión específica e conxuntural designada pola Xunta de Facultade e coa mesma representación que teñen nela os diversos sectores.

ARTIGO 68

Unha vez aprobado o texto pola correspondente comisión, será levado á Xunta de Facultade. Para que a reforma sexa adoptada será preciso que reciba o voto da maioría absoluta da Xunta de Facultade. De non ser así, a proposta de reforma considérase refugada e non poderá proporse idéntica reforma ata transcorrido o prazo dun ano.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

No prazo de seis meses a partir da posta en vigor do presente regulamento a Xunta de Facultade deberá aprobar as propostas das comisión estables.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

O presente regulamento entrará definitivamente en vigor a partir da súa aprobación polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo e, provisionalmente, a partir da súa aprobación na Xunta de Facultade.

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA FACULTADE DE CIENCIAS DO MAR DE VIGO

ÍNDICE XERAL

TÍTULO I:

DO OBXECTIVO, COMPOSICIÓN E FUNCIÓNS DA FACULTADE

TÍTULO II:

DOS ÓRGANOS DE GOBERNO DA FACULTADE

CAPÍTULO I:

ÓRGANOS COLEXIADOS

CAPÍTULO II:

ÓRGANOS UNIPERSOAIS

Sección I: O Decano ou Decana

Sección II: O Vicedecano (s) ou Vicedecanos (as)

Sección III: O Secreretario (a)

Sección IV: Elección do Decano (a)

Sección V: Revocación do Decano (a)

Sección VI: Dos membros electos á Xunta de Facultade

TÍTULO III:

DAS COMISIÓNS DELEGADAS

CAPÍTULO I:

NORMAS XERAIS

CAPÍTULO II:

DA COMISIÓN PERMANENTE

CAPÍTULO III:

DA COMISIÓN DE DOCENCIA E VALIDACIÓNS

CAPÍTULO IV:

DA COMISIÓN DE GARANTIA DE CALIDADE

CAPÍTULO V:

DA COMISIÓN DE TRABALLO DE FIN DE GRAO

CAPÍTULO VI:

DA COMISIÓN DE MOBILIDADE

TÍTULO IV:

DAS XUNTAS DE TITULACIÓN

TÍTULO V:

A REFORMA DO REGULAMENTO